

DA ESCOLA INFANTIL Á ESCOLA PRIMARIA: PROBLEMAS E PERSPECTIVAS O punto de vista dos profesionais

R. Lois Ferradás Blanco
Universidade de Santiago de Compostela
Lourdes Taboada Fernández
CEFOCOP Santiago de Compostela

Nas últimas décadas foise consolidando no noso contorno a Educación Infantil como unha etapa cunhas finalidades propias, uns contidos e metodoloxías característicos e un corpo de profesionais con formación especializada e adscripción laboral exclusiva; isto debe ser considerado como un avance positivo fronte á existencia dun único e tradicional modelo de educación escolar que se expande cara a idades cada vez máis temperás, como sucedeu nos sistemas escolares que estableceron tarde a educación infantil.

Desde unha concepción da atención personalizada aos nenos e nenas que se propoña a continuidade tanto coas experiencias no contorno ("horizontal") como entre os sucesivos momentos da formación ("vertical"), é urxente prestar atención aos problemas que se producen no tránsito da Educación Infantil á Educación Primaria.

No presente artigo, en primeiro lugar analizamos o estado da cuestión a través do estudio de recentes publicacións científicas, confirmando que é un tema de crecente preocupación entre os profesionais que se ocupan da formación dos nenos a estas idades, e identificando os factores que inflúen na adaptación á escola. A continuación, a través de enquisas e entrevistas a un grupo de profesores e profesoras de Educación Infantil e de Educación Primaria que exercen en colexios públicos, rurais e urbanos, de Galicia, describimos as percepcións realizadas por estes profesionais acerca das características do paso á educación primaria, as dificultades e as súas causas, e as medidas que se deberían poñer en práctica unhas intervencións educativas axeitadas ao desenvolvemento dos nenos.

INTRODUCCIÓN

Abordamos este tema porque somos conscientes, como se recoñece na investigación actual, da importancia que ten un bo comezo da escolaridade obrigatoria para o benestar dos nenos e para o seu futuro na escola e na vida.

Na actualidade no noso país a Lei de Ordenación Xeral do Sistema Educativo (LOXSE) establece a Educación Infantil (0-6 anos) como unha Etapa, aínda que non obrigatoria, con uns contidos, obxectivos e metodoloxía propios, axeitados ás características e necesidades dos nenos desta idade.

Así como na Educación Infantil existe unha gran preocupación por adaptar a intervención educativa ás características e necesidades dos nenos e nenas (establecemento dun período de adaptación, contactos frecuentes coas familias, metodoloxía lúdica e experimental, ...), sen embargo, parece que se produce un importante corte cando as criaturas se incorporan á Escola

Primaria, arredor dos 6 anos, a causa do cal se ven forzados á realización de traballos para os que non están preparados, de escasa relevancia para o ensino-aprendizaxe, que lles causan excesivas tensións, nos que fracasan frecuentemente e, que lles impiden realizar outras experiencias máis ricas e estimulantes.

Este paso para a escola é probablemente, xunto coa entrada no preescolar, o maior cambio vital para os nenos pequenos, xa que implica non só cambio de edificio, senón tamén, adaptación a un novo grupo de compañeiros, a un novo rol como “estudiante”, a unha nova figura de autoridade, a novas expectativas, ...

A valoración da importancia dada ás primeiras experiencias escolares deberá ser maior aínda ao saber que os nenos que teñen dificultades académicas ou sociais nos primeiros anos escolares, é probable que as continúen tendo no seu curso escolar e vital.

I. FACTORES QUE INFLÚEN NA ADAPTACIÓN Á ESCOLA

Así, pois, interesámonos por analizar que factores condicionan este paso dos nenos á escola. Para iso, en primeiro lugar, quixemos indagar que se escribiu nos últimos anos sobre este tema e atopamos que, así como existe un abundante caudal de experiencias e estudos acerca do período de adaptación dos nenos e nenas á escola infantil ou preescolar (por exemplo, LEGIO, 1990; VARA, 1991; ARIZA, 1993; PELLICER, 1994; ELORZA, 1996), é raro no noso país o estudo do paso da Escola Infantil á Escola Primaria¹.

Do estudo da literatura referida ao tema da adaptación ao primeiro grao da escola primaria ou similar, especialmente da americana², encontramos que os factores que máis inflúen pódense agrupar nas seguintes catro categorías:

- a) Influencia dos pais,
- b) Habilidades sociais dos nenos,
- c) Experiencias previas relacionadas coa escola,
- d) Características das clases e centros.

¹ Se exceptuamos os traballos de J. Palacios e o seu equipo acerca das concepción educativas dos pais na liña dos de MCGILLICUDDY-DeLISI (por exemplo, PALACIOS, 1987; MORENO, 1990) ou o estudo de M. De Miguel (1988) sobre a relación entre preescolarización e rendemento académico na educación primaria

Sorprendeunos non encontrar ningún artigo referido ao tema na revista de grande difusión entre o profesorado español *Aula de Innovación Educativa*.

² Encontramos no último ERIC 82 rexistros de traballos americanos que tratan do paso ao Kindergarten (denominación do grao que cursan os nenos aos 5 anos en U.S.A) e 50 da adaptación ao Kindergarten, 173 do paso á Preescolar, 115 da adaptación á Preescolar.

1. Influencia dos pais

Os pais inflúen de moitas maneiras na adaptación dos seus fillos á escola.

Quizais as formas máis importantes son:

- a) as expectativas acerca do éxito escolar dos seus fillos,
- b) o fomento de oportunidades de relación social e
- c) as mesmas interaccións pais-fillos.

Os nenos con pais que teñen expectativas de que os seus fillos irán ben na escola tenden a ter mellores resultados que os nenos con pais que teñen baixas expectativas; é posible que os pais que teñen a expectativa de que os seus fillos terán éxito proporcionen máis axuda, máis ánimos, máis alabanza por rematar as tarefas, o que pode aumentar a autoestima e autoconfianza. Sábese que os nenos que confían nas propias habilidades teñen máis éxito na escola (Dweck, 1991).

Os preescolares aos que os pais proporcionan frecuentes oportunidades de interactuar con outros nenos, son máis competentes socialmente. Ladd e Price (1987) encontraron que os alumnos do kindergarten con pais que os levaron a lugares públicos (por exemplo á piscina ou ao parque) onde puideran implicarse en actividades non estruturadas cos seus compañeiros, manifestáronse menos ansiosos, faltaron menos á escola e visitaron menos a enfermería escolar.

Os estilos de interacción pais-fillos tamén están relacionados coa adaptación á escola. Segundo estudos recentes de Cowan e os seus colegas (1994), os estilos de paternidade de nais e pais (como o nivel de afecto) e os estilos de interacción marital predixeron significativamente os resultados dos seus fillos no kindergarten e as puntuacións en tests e, nalgúns casos, a súa conducta social.

2. Habilidades sociais dos nenos

A investigación ten demostrado unha forte relación entre adaptación social e adaptación escolar, resultando que os nenos que teñen dificultades con relación aos seus compañeiros nos primeiros anos escolares teñen risco de dificultades ao longo da súa carreira escolar. Parece que as habilidades sociais máis importantes para as primeiras relacións e que máis inflúen na aceptación por parte dos compañeiros están:

- a) o comportamento no xogo,
- b) a habilidade para entrar nos grupos de xogo, e
- c) as habilidades de comunicación.

Ladd e os seus colegas (LADD e PRICE, 1987; LADD; PRICE e HART, 1988) estudaron os comportamentos de preescolares en grupos de xogo e encontraron que os que xogaban cooperativamente eran queridos polos seus compañeiros, mentres que os que xogaban desconsideradamente eran rexeitados. Os nenos que interactuaron dun xeito positivo e cooperativo no preescolar foron preferidos polos seus compañeiros e foron percibidos polos seus profesores como mellor relacionados no kindergarten. En cambio, os nenos con interaccións principalmente

negativas (agresivos, que discuten, de xogo rudo) eran frecuentemente vistos con antipatía polos compañeiros e hostís polos profesores no kindergarten.

Ademais da cooperación e a non agresividade, as estratexias ou métodos que usan os nenos para entrar a tomar parte no xogo xa comezado de outros nenos están relacionados coa forma en que son queridos polos seus compañeiros. Os que usan técnicas rompedoras para entrar no grupo son frecuentemente rexeitados polos compañeiros (DODGE e outros, 1983).

As habilidades de comunicación dos nenos tamén están relacionadas coa adaptación ao kindergarten. Nun estudio Hazen e Black (1989) encontraron que os preescolares preferidos eran máis hábiles en dirixir mensaxes verbais e non verbais aos seus compañeiros que os nenos non queridos.

3. Experiencias previas relacionadas coa escola

Parece ser que outro feito relacionado co paso con éxito para a escola é o coñecemento dos compañeiros da clase, de tal xeito que a estabilidade do grupo de compañeiros induce a aumentar a capacidade social e a mellorar as habilidades sociais. Tamén parece importante a idade dos compañeiros; así, algunhas investigacións encontraron que os nenos que comezan a escola e que teñen xogado sobre todo con compañeiros máis novos poden ter dificultades para manterse á altura dos intereses de xogo e das capacidades dos compañeiros de clase, xa que as habilidades sociais necesarias para interactuar axeitadamente con compañeiros máis novos non son as mesmas que se precisan para xogar con compañeiros da mesma idade.

Parece claro tamén (LADD e PRICE, 1987) que os nenos con maior experiencia preescolar manifestan menos conductas de stress ao longo das primeiras semanas de kindergarten; o cal suxire que estes nenos teñen menos axustes que facer que os que se incorporan por primeira vez a un establecemento extradoméstico, téndose adaptado, por exemplo, á separación dos pais, á reunión con novos compañeiros, á aceptación da autoridade de outro adulto.

4. Características de clases e centros

A adaptación inicial á escola está tamén influenciada polas características das clases do kindergarten ou primeiro grao de primaria e do preescolar. Esta influencia vehicúlase especialmente a través da adecuación da intervención educativa ao nivel de desenvolvemento, e pola proximidade e continuidade (consistencia) entre profesores preescolares e do primeiro grao escolar, e así mesmo entre profesores e os pais na percepción do que se debe aprender.

A adaptación dos nenos á escola depende do currículo, das actividades e do enfoque da aprendizaxe usado na clase. Segundo as orientacións da National Association for the Education of Young Children (BREDEKAMP, 1987), as actividades apropiadas ao desenvolvemento dos nenos no kindergarten deben caracterizarse por:

- a) primar os grupos pequenos sobre os grandes,
- b) preferir as actividades dirixidas polos nenos sobre as dirixidas polos profesores, e
- c) utilizar máis os materiais manipulativos que as follas de papel.

As investigacións de Burts e colegas (1990) puxeron de manifesto que os nenos que están en clases inapropiadas manifestan un maior conxunto de conductas de stress do que os nenos que están en clases apropiadas.

De cara a facer realidade unha continuidade educativa entre a educación infantil e os primeiros graos da escola primaria, que teña por eixe o continuo desenvolvemento físico, intelectual, social e emocional dos nenos e suprima foxos ou valos innecesarios, parécenos moi interesante a proposta formulada por Barbour e Seefeldt (1993), que defende a continuidade da organización (con maiores vínculos entre infantil e primaria), do currículo, do ambiente e da avaliación.

A adaptación á escola tamén está influenciada polas percepcións de profesores e de pais acerca de cales son as habilidades que o neno necesita para o éxito.

II. A PERSPECTIVA DOS PROFESORES. ESTUDIO PRELIMINAR

No intento de desenvolver un traballo de investigación e de propostas para as prácticas educativas nas escolas infantís e primarias do noso país dirixímonos a un grupo de profesores e profesoras para empezar a coñecer as súas percepcións deste problema. As características da mostra non nos permiten polo momento xeneralizar os resultados; sen embargo pensamos que as súas respostas poden ser indicios valiosos de como é percibido o paso da escola infantil á primaria no noso contexto.

O instrumento empregado para recoller a información dos profesores consistiu nun cuestionario de carácter aberto referido aos seguintes temas:

- existencia de maiores dificultades por parte dos nenos no paso da Escola Infantil á Escola Primaria que no comezo de outros cursos.
- causas destas dificultades.
- descrición desas dificultades.
- medidas de actuación para evitar estas dificultades:
 - da responsabilidade dos mestres de E. Infantil
 - da responsabilidade dos mestres de E. Primaria
 - da responsabilidade do centro, e
 - da responsabilidade da administración educativa.

Nalgúns casos, a información dos cuestionarios foi completada con diálogos e comentarios dos profesores.

A continuación damos conta dun xeito resumido da información recollida.

Preguntamos, en primeiro lugar, se consideraban que existía unha maior dificultade dos nenos no paso da Escola Infantil á Primaria que noutros cambios de grao. Case todos os profesores, tanto de infantil como de primaria, contestan que si existe esta maior dificultade. Só os que traballan en escola unitarias (conxuntamente con nenos de ambas etapas) tenden a crer que non existe este problema.

As seguintes cuestións referíanse ás manifestacións nas condutas dos nenos desta dificultade e polas súas causas. As respostas a estas cuestións, bastante xenéricas e coincidentes podémolas resumir no seguinte cadro:

DIFICULTADES E CAUSAS

Dificultades:	Causas:
Dificultade para seguir o ritmo de traballo	<p>Currículo centrado en contidos conceptuais (“Académico”) con base no libro de texto.</p> <p>Currículo estandarizado (para un “alumno medio”).</p> <p>Metodoloxía transmisiva, non activa.</p> <p>Traballo exclusivamente individual, nun espazo uniforme e con horarios ríxidos.</p> <p>Expectativas de pais/nais e mestres acerca do seu rendemento como “estudiante”.</p>
Dificultades para a relación co profesor	<p>Descoñecemento inicial.</p> <p>Profesor menos próximo, interesado preferentemente nos contidos académicos.</p>
Dificultades na construción de relacións sociais	<p>Dificultade en romper lazos coa aula de preescolar.</p> <p>Desorientación en espazos descoñecidos.</p> <p>Existencia de novos códigos e normas.</p> <p>Ambiente hostil (especialmente nos espazos comúns de xogos) ao volver a ser “os pequenos”.</p>

A última parte do cuestionario referíase ás medidas que se poderían tomar por parte de profesores, colexios e administración para aminorar esas dificultades. As respostas pódense resumir do seguinte xeito:

MEDIDAS PARA AMINORAR DIFICULTADES

Da responsabilidade dos mestres	Da responsabilidade dos colexios	Da responsabilidade da administración
<ul style="list-style-type: none"> • Maior coordinación entre mestres de Educación Infantil e Primaria. • Realización de actividades conxuntas de alumnos de Educación Infantil e Primaria. • Maior adaptación ás características evolutivas dos nenos. <p>Os mestres de Primaria din:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Que na E.I. se traballe máis a autonomía dos nenos. • Que na E.I. se teñan presentes as demandas da E. Primaria. • Que na E.I. se estableza un traballo progresivo 3-5 anos. 	<ul style="list-style-type: none"> • Contemplan no Proxecto Educativo medidas para facilitar esta adaptación (como reunións conxuntas de profesores de ambas etapas, organización de espazos e actividades conxuntas, organización máis flexible da E. Primaria). • Contactos máis directos coas familias. • Adscrición ao 1º ciclo de Primaria de profesores estables. • Equipamento máis axeitado das aulas de E. Primaria. • Abrir a escola ao medio, facilitando o coñecemento mútuo dos alumnos de diferentes idades tamén noutros contextos. 	<ul style="list-style-type: none"> • Formación específica para o 1º ciclo de E. Primaria. • Formación conxunta de mestres de E. Infantil e Primaria. • Dar a posibilidade de que os mestres continúen co grupo de nenos ata os 8 anos. • Inspeccionar o axeitamento de materiais e horarios ás características e necesidades dos nenos no 1º curso de Primaria. • Acondicionar axeitadamente os centros: dotación de materiais, ... • Dotar aos centros de máis mestres, para facilitar novas metodoloxías: talleres, saídas, ...

III. CONCLUSIÓNS (PROVISORIAS): TEMAS DE ESTUDIO

1. A maioría dos mestres consultados recoñecen a existencia desta dificultade, aínda que os mestres de escolas unitarias (con Educación Infantil + Educación Primaria) e os mestres de centros privados (con algunha estrutura de coordinación) non a ven.

Sería conveniente averiguar mellor en que consiste esta dificultade en máis do inaxeitado da Educación Infantil ou da Primaria. Parece que algúns colexios “suprimen” o problema adiantando xa á preescolar os contidos e metodoloxía da primaria.

2. Os mestres son bastante explícitos ao tratar das manifestacións e das causas deste problema. Sen embargo, á hora de suxerir medidas para o seu remedio, especialmente as que poidan ser da súa propia responsabilidade, limítanse a dar ideas xerais, faltando indicacións directas para a práctica.

Parece conveniente seguir estudando que significa realmente unha práctica educativa axeitada ao desenvolvemento dos nenos, que factores familiares, sociais e escolares están

implicados nunha boa adaptación á escola primaria e cal sería o contido da coordinación dos profesores das dúas etapas.

3. O problema, polas súas repercusións no benestar dos nenos, profesores e pais, e no futuro escolar e vital dos membros da sociedade, parece ter a entidade suficiente e merecer a atención de investigadores, profesores e administradores, tomando medidas curriculares, organizativas, e política educativa.

4. En especial, parécenos que compre avanzar na búsqueda de prácticas educativas que, asumindo unha nova cultura acerca da infancia, respecten aos nenos e nenas como cidadáns xa suxeitos de dereitos, lles ofrezan oportunidades de desenvolver as súas habilidades sociais na comunidade e incorporen consciente e intencionalmente a cooperación dos pais na marcha dos centros educativos.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ARIZA, N. e BAUTISTA, A. (1993): "No llores vida mía". *Cuadernos de Pedagogía*, 212, pp. 36-38.
- BARBOUR, N. H. e SEEFELDT, C. (1993): *Developmental continuity across preschool and primary grades*. Wheaton, Association for Childhood International.
- BREDEKAMP, S., ed. (1987): *Developmentally appropriate practice in early childhood programs serving children from birth through age 8*. Washington, D.C. NAEYC.
- BURTS, D.C.; HART, C. H.; CHARLESWORTH, R. e KIRK, L. (1990): "A comparison of frequencies of stress behaviors observed in kindergarten children in classrooms with developmentally appropriate vs. developmentally inappropriate instructional practices". *Early Childhood Research Quarterly*, 5, pp. 407-423.
- COWAN, P. A.; COWAN, C. P.; SHULZ, M. S. e HEMING, G. (1994): "Prebirth to preschool family factors in children's adaptation to kindergarten". En PARKE, R. D. e KELLAM, S. G. (Eds.): *Exploring family relationships with other social contexts*. Hillsdale, N.J. Lawrence Erlbaum. pp. 75-114.
- DODGE, K. A.; SCHULUNDT, D. C.; SCHOCKEN, I. e DELUGACH, J. D. (1983): "Social competence and children's sociometric status: the role of peer group entry strategies". *Merrill-Palmer Quarterly*, 29(3), pp. 309-336.
- DWECK, C. S. (1991): "Self-theories and goals: Their role in motivation, personality and development". En DIENSTBIER, R. (Ed.): *Nebraska Symposia on Motivation*, vol. 36, Lincoln. University of Nebraska Press. pp. 199-235.
- ELORZA, C. (1996): "La primera experiencia de escuela". *Infancia*, 37, pp. 29-31.
- HAZEN, N. L. e BLACK, B. (1989): "Preschool peer communication skills: The role of social status and interaction context". *Child Development*, 60, pp. 867-876.
- LADD, G. W. (1990): "Having friends, keeping friends, making friends, and being liked by peers in the classroom: Predictors of children's early school adjustment?" *Child Development*, 61, pp. 1081-1100.
- LAAD, G. W. e PRICE, J. M. (1987): "Predicting children's social and school adjustment following the transition from preschool to kindergarten". *Child Development*, 58, pp. 1168-1189.

- LAAD, G. W.; ORICE, J. M. e HART, C. H. (1988):** "Predicting preschoolers' peer status from their playground behaviors". *Child Development*, 59, pp. 986-992.
- LEGGIO, M. L.; MONTOLI, R. (1990):** "La adaptación del niño en la escuela infantil". *Infancia*, 2, pp. 11-17.
- MAÑANI, M. (1994):** "El paso de la escuela infantil a la escuela primaria". *Infancia*, 28, pp. 24-26.
- MIGUEL, M. de (1988):** *Preescolarización y rendimiento académico: Un estudio longitudinal de las variables psicosociales a lo largo de la E.G.B.* Madrid, C.I.D.E.
- MORENO, M.C. e PALACIOS, J. (1990):** "Implicación de los padres en la educación de los niños". COMUNIDAD DE MADRID. *Congreso Internacional de Educación Infantil. Ponencias y Comunicaciones*, v. 2, p. 135-146.
- PALACIOS, J.; GONZÁLEZ, M. M. e MORENO, M. C. (1987):** "Ideas, interacción, ambiente educativo y desarrollo: informe preliminar". *Infancia y aprendizaje*, 39-40, pp. 159-169.
- PELLICER, J. (1994):** "La adaptación de los 3 años a la escuela infantil". *Infancia*, 27, pp. 15-19.
- VARA MIÑAMBRES, M. J. (1991):** "De la adaptación a la participación". *Cuadernos de Pedagogía*, 191, pp. 36-40.